



Primeira avaliación do impacto da crise económica no ámbito cultural de Galicia

OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA
MARZO DE 2010

www.consellodacultura.org/observatorio

Primeira avaliación do impacto da crise económica no ámbito cultural de Galicia

O obxectivo deste informe é ofrecer unha panorámica sobre o impacto da crise económica no ámbito cultural. Aínda que as fontes de 2009 ás que se poden ter acceso son aínda moi limitadas, cremos que o interese que suscita a materia xustificaba un avance de resultados. Pese a todo, cómpre tomar con certa cautela as análises, dada a provisionalidade dalgunhas fontes e a ausencia de datos en operacións estatísticas habitualmente explotadas polo Observatorio da Cultura Galega cando se dispón dunha perspectiva máis ampla.

Os datos que ofrecemos non están seleccionados por un criterio relacionado coa capacidade descritiva ou explicativa dunha determinada información como pola dispoñibilidade desta e a súa relación coa economía. Deste xeito, decidimos explotar as seguintes fontes:

TEATRO

A Rede Galega de Teatros e Auditorios levou a cabo en 2009 un total de 612 funcións teatrais; trátase do maior número de representacións realizadas nos últimos catro anos. Isto supuxo loxicamente un aumento do número de asistentes así como da facturación teatral en Galicia. Así o constatamos, ao analizar a serie temporal deste estudo no que, salvo a caída experimentada no ano 2007, as cifras arroxadas o pasado ano son positivas, con 100 funcións máis que en 2006, 100 mil euros máis de facturación e 4.654 espectadores máis que hai catro anos. Non sucede o mesmo co traballo desenvolvido polo Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego, que amosan información máis diversa para a súa descrición; por unha banda, se comparamos os datos sobre funcións vemos que decrece nos últimos dous anos. Con todo, en 2009 acádanse as cotas porcentuais de ocupación de salas (54,05%) e as cifras de facturación (362.431€) máis altas dos últimos 3 anos. Tamén se celebraron o pasado ano menos concertos de música ao vivo, pero de novo os datos de ocupación (40,07%) e facturación (96.616 euros) superaron os do bienio anterior.

O montante facturado a través destas canles oficiais de promoción artística resulta 489.599,10 €, o cal o converte no mellor dos últimos tres anos.

Malia que as cantidades manexadas sexan pequenas (esta cantidade sería, segundo estimacións propias, aproximadamente o 1% do que gastaron os galegos en espectáculos o ano pasado), non pode tomarse como un indicador negativo que suban as cifras de facturación en 2009 nin explicarse sen un certo incremento da demanda do mercado, dada a lixeira melloría dos niveis de ocupación de público, un dos factores que determinan ese aumento na facturación.

CINE

O descenso de espectadores, a baixada da recadación e a desaparición de salas colocan o mercado cinematográfico en Galicia na peor situación dos últimos tres anos. Con todo, e dende unha perspectiva de conxunto, a caída do sector quizais non sexa tan intensa como se podía prever, posiblemente amortecida polo lixeiro despunte da facturación en 2008. En resumo, 2009 perdeu máis de 320 mil espectadores e de 2 millóns de euros en facturación respecto ao ano anterior. En xeral, o descenso global de público no último trienio supera os 500.000 espectadores.

Como sabemos, esta tendencia obsérvase, con todos os matices que se queiran introducir, dunha maneira inequívoca nos últimos anos. Con todo, o cine proxectado en sala segue sendo de lonxe a actividade de espectáculo máis consumida, copando máis dun terzo do presuposto das familias galegas reservado a espectáculos culturais de todo tipo¹.

Esta baixada pode explicarse de dous xeitos. É posible que os consumidores (sobre todo os máis novos) non perciban unha relación prezo/calidade comparable coa que ofrecen outros soportes de difusión moito máis económicos. En calquera caso, este ano pasado fomos testemuñas de como a innovación (Cine RealD e IMAX 3D) pode determinar que un título consiga unhas cifras de recadación inversamente proporcionais á tendencia do mercado e mesmo bata marcas históricas. O sector empezará a recuperarse na medida en que poida xerar valor engadido ás súas proxeccións en sala e/ou logre establecer sistemas de ingresos relacionados coa difusión dos seus produtos en internet.

LIBRO

A provincia da Coruña érguese como a única unidade xeográfica na que o sector editorial resiste con forza a crise económica, cun aumento en 2009 de máis de 500 ISBNs inscritos respecto ao ano anterior, o que supón unha porcentaxe sobre o total editado en Galicia do 89%. Lugo mantén, cun lixeiro repunte, os datos de edición de 2008, período no que se situou a caída máis forte nesta provincia. En xeral, en 2009 inscribíronse 842 libros menos. Con todo, se collemos como referencia o ano 2007 no que un 50,5% dos galegos mercou algún libro, vemos que este dato mellorou sensiblemente en 2009, incrementándose a adquisición de libros en 1,40 puntos porcentuais, ou o que é o mesmo, o 51,9% dos galegos mercaron algún libro o pasado ano.

¹ Estimacións tomando a referencia de 2007 da Estatística de consumo cultural das familias e os datos de recadación en salas cinematográficas (Ministerio de Cultura)

TRABALLADORES AFILIADOS Á SEGURIDADE SOCIAL

Se o 2009 abría en xaneiro cun total de 13.250 traballadores afiliados en alta laboral nas empresas do ámbito cultural, en decembro pechaba con 1.059 menos, o que supón unha variación do -7,65%. Se ben é certo que o panorama laboral xeral tamén amosa datos negativos, o decrecemento foi menor e situouse no -3%.

O 'servizo de información' é a actividade cultural que máis emprego creou dentro do ámbito, xunto coas actividades relacionadas con bibliotecas, arquivos, museos e outras *actividades culturais* (3,78%), así como as que teñen que ver con programación, emisión de radio e televisión cun crecemento de 2,19%. No reverso, a actividade editorial lidera a maior caída de empregados (-20,31%), así como as actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical (-12,58%). En xeral, o total de afiliados en alta laboral por ramas CNAE no ámbito cultural sofre unha caída de -7,65. Por outra banda, a media mensual do conxunto traballadores de todos os sectores afiliados á Seguridade Social en Galicia caeu dende xaneiro ata decembro de 2009 en -2,97 puntos.

O que se observa claramente é como cae a filiación á Seguridade Social no conxunto das actividades económicas dedicadas á cultura por efecto arrastre da edición e o audiovisual. Isto fainos pensar unha vez máis que a saída da crise pasa pola innovación nos produtos e a reconversión de parte destas industrias. A circunstancia de que haxa actividades económicas capaces de xerar emprego nesta conxuntura económica debería chamar a atención de investidores, emprendedores e promotores culturais.

EMPRESAS CULTURAIAS

Se botamos unha ollada xeral ao crecemento global do número de empresas culturais en Galicia, comprobamos que en 2009 hai 126 máis que no 2008. Mais se analizamos polo miúdo observamos que este crecemento fundaméntase esencialmente en dous tipos de empresas: as que se dedican a actividades de creación, artísticas e espectáculos, que foron as que experimentaron o maior aumento cun 9,40%, seguidas polas relacionadas con actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical que creceron un 6,04%. Tamén hai que ter en conta o ascenso doutras empresas, que aínda que se amosa máis moderado, obviamente inflúe no cómputo global; é o caso das que abranguen as actividades de programación e emisión de radio e televisión, cun 3,49% e as de edición cun 3,15%.

Con todo, o sector das bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais sofre unha forte caída cun -11,84%; de xeito máis leve caen as empresas de tradución e interpretación (-2,14%) e as de artes gráficas e reprodución de soportes gravados (-1,40%).

Xa en termos xerais, e abarcando todos os sectores empresariais, observamos que o pasado ano perdéronse en Galicia 2.111 empresas (-1,04%).

Pese a que estes datos nos permiten observar cal é o tecido empresarial que empeza o ano 2009 e non o que o remataba, parece que existe certa relación co efecto na contratación, sobre todo en actividades de creación, artísticas e espectáculos. Resulta un dato negativo o feito de que aínda que se seguiran creando empresas de edición e audiovisual non tiveran un efecto positivo sobre a contratación.

OCUPABILIDADE LABORAL

Entre as 100 ocupacións máis contratadas en 2009 aparecen cinco de tipo cultural.

Animadores comunitarios, con 4.938 ocupados, 1.488 máis en 2009 que en 2005 p.ex., ten un crecemento sostido, unha ocupabilidade laboral moi alta e unha estabilidade laboral media.

Compositores, músicos e cantantes, con 1.434 ocupados, 339 máis que en 2005. Aínda que a ocupabilidade laboral é alta, o crecemento é irregular e a estabilidade laboral é baixa.

Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados, en 2009 1.409 ocupados fronte aos 1.785, en 2005, 378 menos que en 2005, o que supón unha ocupabilidade laboral media e unha estabilidade laboral baixa.

Nas táboas anexas complétase esta información con outros indicadores laborais.

COMERCIO EXTERIOR E INTRACOMUNITARIO

O IGE ofrece datos de comercio exterior na súa operación “Comercio exterior e intracomunitario” a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria.

Dadas as limitacións metodolóxicas que existen neste ámbito úsanse as clasificacións TARIC (Arancel Integrado das Comunidades Europeas, utilizando catro epígrafes:

37 Produtos fotográficos ou cinematográficos.

49 Produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos.

92 Instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos.

97 Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade.

Os resultados indican que Galicia importou, en xeral, máis produtos culturais en 2009 dos que exportou. A diferenza doutros anos nos que se exportaban máis produtos editoriais dos que se importaban, en 2009 se importan máis produtos editoriais dos que se exportan, o que confirma o descenso de actividade no sector editorial.

Por áreas e países, Galicia importa produtos culturais da UE, EE.UU. e China, entre outros. A diferenza entre as importacións e as exportacións con América Latina arroxa un saldo positivo para a nosa comunidade. A maior parte dos intercambios faise cos países da OCDE.

ÍNDICE DE PREZOS DE CONSUMO DE PRODUCTOS CULTURAI

A cultura galega non só salvagardou os seus prezos de consumo durante o pasado ano, senón que estes diminuíron; os produtos culturais e de lecer baixaron en Galicia en 2009, situándose a variación anual en -0,6%. Pola contra, a variación do IPC no conxunto global de bens e servizos ao consumidor aumentaba respecto ao ano 2008 en 0,9% puntos, o que supón unha diferenza do 1,5 puntos porcentuais por riba dos prezos culturais.

Conclusións

Este pequeno percorrido polo impacto da crise no sistema cultural permítenos facer algunhas valoracións. De entrada, observamos tendencias diferentes en función do subsector ao que nos achegamos. De entrada semella que a edición e o audiovisual son as actividades económicas que máis sofre na crise. Dado o seu gran peso relativo no sector, teñen un perigoso efecto arrastre. Pola contra, observamos un repunte da creación e de *outras actividades* de carácter cultural, o cal podería levar a pensar que, sobre todo no tecido empresarial máis pequeno, se están atopando nichos de mercado (presumiblemente interno), seguramente tamén aproveitando a capacidade que están tendo os prezos de corrírse á baixa.

ANEXO. TÁBOAS

ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Total acumulados 2007

| | Funcións | Público | Ocupación |
|----------------------------|-----------------|----------------|------------------|
| Salón Teatro TOTAL | 113 | 16.096 | 52,28% |
| O regreso ao deserto (CDG) | 4 | 625 | 35,84% |
| Tarará Chis Pum (CDG) | 46 | 10.267 | 61,91% |
| A Piragua (CDG) | 37 | 4.729 | 35,61% |
| Vacuo (CCG) | 30 | 6.500 | 48,12% |
| Noite de Reis (CDG) | 36 | 9.360 | 61,46% |

Fonte: AGADIC.

Total acumulados 2008

| | Funcións | Público | Ocupación |
|---------------------------------|-----------------|----------------|------------------|
| Salón Teatro TOTAL | 100 | 10.866 | 41,23% |
| Noite de Reis (CDG) | 16 | 4.986 | 68,35% |
| Valdemuller (CDG) | 57 | 7.835 | 35,04% |
| Estigma (CDG) | 26 | 3.602 | 30,75% |
| Kiosco das almas perdidas (CCG) | 33 | 7.309 | 33,88% |
| A boa persoa de Sezuán (CDG) | 24 | 4.091 | 40,93% |

Fonte: AGADIC.

Total acumulados 2009

| | Funcións | Público | Ocupación |
|------------------------------|-----------------|----------------|------------------|
| Salón Teatro TOTAL | 93 | 12.980 | 54,05% |
| Noite de Reis (CDG) | 18 | 3.669 | 81,86% |
| A boa persoa de Sezuán (CDG) | 12 | 2.248 | 46,81% |
| As Dunas (CDG) | 30 | 4.476 | 35,83% |
| Giseliña (CCG) | 23 | 6.869 | 56,04% |

Fonte: AGADIC.

**Total acumulados CCG e CDG. Serie temporal Anos
2007-2009**

| Anos | 2007 | 2008 | 2009 |
|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Funcións | 113 | 100 | 93 |
| Público | 16.096 | 10.866 | 12.980 |
| Ocupación % | 52,28% | 41,23% | 54,05% |
| Facturado | 55.321,00 € | 46.249,00 € | 64.161,00 € |

Fonte: AGADIC.

TOTAIS RGTA (Rede Galega de Teatros e Auditorios)

| Anos | 2006 | 2007 | 2008 |
|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Funcións | 512 | 485 | 575 |
| Público | 85.112 | 58.037 | 81.011 |
| Ocupación % | 49,94% | 33% | 38,10% |
| Facturado | 191.750,7 | 176.393,3 | 270.100,7 |

Fonte: AGADIC.

TOTAIS RGS (Rede Galega de Salas)

| | 2007 | 2008 | 2009* |
|-----------|-------------|-------------|--------------|
| Funcións | 124 | 172 | 230 |
| Público | 3.904 | 4.708 | 7.164 |
| Ocupación | 38,69% | 44,37% | 42,54% |
| Facturado | 19.909,00 € | 22.608,00 € | 30.552,00 € |

Fonte: AGADIC.

TOTAIS RGMV (Rede galega de Musica ao Vivo)

| | 2007 | 2008 | 2009* |
|-----------|-------------|-------------|--------------|
| Concertos | 745 | 593 | 579 |
| Público | 34.671 | 29.156 | 29.299 |
| Ocupación | 35,49% | 36,73% | 40,07% |
| Facturado | 87.368,00 € | 86.427,50 € | 96.616,10 € |

Fonte: AGADIC.

*Datos ata 30 de novembro

CINE

Mercado cinematográfico. Provincias por orde de recadación. Ano 2009 (ata 15 de novembro)

| | Espectadores | Nº Salas | Recadación (euros) |
|----------------------|------------------|------------|-----------------------|
| Total Galicia | 3.595.425 | 167 | 19.961.581,4 |
| A Coruña | 1.719.668 | 66 | 10.254.820,2 |
| Pontevedra | 1.298.317 | 65 | 7.893.055,3 |
| Lugo | 331.726 | 24 | 1.813.706,0 |
| Ourense | 245.714 | 12 | 1.469.989,0 |

Fonte: MCU

Mercado cinematográfico. Provincias por orde de recadación. Ano 2008

| | Espectadores | Nº Salas | Recadación (euros) |
|----------------------|------------------|------------|-----------------------|
| Total Galicia | 3.923.624 | 170 | 22.038.367,2 |
| A Coruña | 1.880.593 | 66 | 10.516.035,3 |
| Pontevedra | 1.424.027 | 68 | 8.165.490,7 |
| Lugo | 355.965 | 24 | 1.835.659,3 |
| Ourense | 263.039 | 12 | 1.521.181,9 |

Fonte: MCU

Mercado cinematográfico. Provincias por orde de recadación. Ano 2007

| | Espectadores | Nº Salas | Recadación (euros) |
|----------------------|------------------|------------|-----------------------|
| Total Galicia | 4.109.731 | 186 | 20.714.771,0 |
| A Coruña | 1.957.473 | 72 | 10.399.163,9 |
| Pontevedra | 1.508.099 | 73 | 8.427.388,3 |
| Lugo | 370.455 | 25 | 1.888.218,8 |
| Ourense | 273.704 | 16 | 1.569.643,5 |

Fonte: MCU

Mercado cinematográfico en Galicia por recadación. Serie temporal

| Anos | 2007 | 2008 | 2009 |
|--------------------|--------------|--------------|--------------|
| Espectadores | 4.109.731 | 3.923.624 | 3.595.425 |
| Nº de Salas | 186 | 170 | 167 |
| Recadación (euros) | 20.714.771,0 | 22.038.367,2 | 19.961.581,4 |

Fonte: MCU

LIBRO

Distribución xeográfica da edición en Galicia. ISBNs inscritos (avance trimestral ano 2009)

| Provincias | out/dec 2008 | xan-mar 2009 | abr- xuñ 2009 | xul-set 2009 | out-dec 2009 | Total 2009 |
|----------------------|-----------------|-----------------|---------------------|-----------------|-----------------|---------------|
| Coruña | 481 | 520 | 458 | 832 | 727 | 2537 |
| Lugo | 19 | 22 | 22 | 14 | 19 | 77 |
| Ourense | 14 | 22 | 23 | 28 | 28 | 101 |
| Pontevedra | 160 | 321 | 410 | 347 | 276 | 1354 |
| Total Galicia | 674 | 885 | 913 | 1.221 | 1.050 | 2.848 |

Fonte: MCU

Distribución xeográfica da edición en Galicia. ISBNs inscritos. Ano 2008

| Provincias | ISBNs | Variación (2008/2007) |
|----------------------|--------------|--------------------------|
| A Coruña | 2.028 | 13,23% |
| Lugo | 70 | -38,05% |
| Ourense | 154 | 13,23% |
| Pontevedra | 1.438 | 6,04% |
| Total Galicia | 3.690 | |

Fonte: MCU

Distribución xeográfica da edición en Galicia. ISBNs inscritos. Serie temporal (2006-2008)

| Provincias | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|----------------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
| A Coruña | 2.014 | 1.791 | 2.028 | 2.537 |
| Lugo | 110 | 113 | 70 | 77 |
| Ourense | 78 | 136 | 154 | 101 |
| Pontevedra | 1.027 | 1.356 | 1.438 | 1.354 |
| Total Galicia | 3.229 | 3.396 | 3.690 | 2.848 |

Fonte: MCU

EMPREGO CULTURAL

Número de traballadores afiliados en alta laboral por ramas CNAE, no ámbito cultural, en Galicia. Ano 2009

| 2009 | Ramas de actividade (códigos CNAE) | | | | | | | Total |
|------------------|------------------------------------|-------------|-------------|-------|--------|-------|-------|---------------|
| | 18 | 58 | 59 | 60 | 63 | 90 | 91 | |
| Xaneiro | 3.975 | 3.920 | 1.701 | 1.555 | 471 | 1.725 | 503 | 13.850 |
| Febreiro | 3.955 | 3.396 | 1.718 | 1.604 | 495 | 1.798 | 445 | 13.411 |
| Marzo | 3.931 | 3.381 | 1.714 | 1.593 | 518 | 1.719 | 442 | 13.298 |
| Abril | 3.921 | 3.358 | 1.659 | 1.582 | 514 | 1.805 | 478 | 13.317 |
| Maiο | 3.905 | 3.357 | 1.751 | 1.596 | 524 | 1.941 | 567 | 13.641 |
| Xuño | 3.880 | 3.342 | 1.742 | 1.583 | 519 | 1.768 | 556 | 13.390 |
| Xullo | 3.857 | 3.303 | 1.634 | 1.575 | 516 | 1.863 | 546 | 13.294 |
| Agosto | 3.823 | 3.261 | 1.562 | 1.551 | 521 | 1.837 | 538 | 13.093 |
| Setembro | 3.815 | 3.246 | 1.656 | 1.578 | 524 | 1.840 | 513 | 13.172 |
| Outubro | 3.841 | 3.229 | 1.672 | 1.568 | 513 | 1.807 | 510 | 13.140 |
| Novembro | 3.829 | 3.164 | 1.601 | 1.511 | 521 | 1.749 | 527 | 12.902 |
| Decembro | 3.802 | 3.124 | 1.487 | 1.589 | 561 | 1.706 | 522 | 12.791 |
| Variación | - 4,35% | - 20,31% | - 12,58% | 2,19% | 19,11% | -1,1% | 3,78% | -7,65% |

Fonte: Instituto Galego das cualificacións. Consellería de Traballo e Benestar

RAMAS DE ACTIVIDADE

- 18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados**
- 58 Edición**
- 59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical**
- 60 Actividades de programación e emisión de radio e televisión**
- 63 Servizos de información**
- 90 Actividades de creación, artísticas e espectáculos**
- 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais**

Media mensual de traballadores afiliados á Seguridade Social en Galicia. Ano 2009/xaneiro 2010

| Ano | Periodo | AMSS* (Miles de persoas) | |
|------|----------|--------------------------|--------|
| 2009 | Xaneiro | 1035,2 | |
| 2009 | Febreiro | 1033,5 | |
| 2009 | Marzo | 1031,9 | |
| 2009 | Abril | 1029,6 | |
| 2009 | Maio | 1031,6 | |
| 2009 | Xuño | 1034,1 | |
| 2009 | Xullo | 1047,3 | |
| 2009 | Agosto | 1047 | |
| 2009 | Setembro | 1038,9 | |
| 2009 | Outubro | 1032 | |
| 2009 | Novembro | 1028,5 | |
| 2009 | Decembro | 1021,1 | |
| 2010 | Xaneiro | 1004,5 | -2,97% |

Fonte: Seguridad Social. Ministerio de Trabajo e Inmigración

Empresas por CCAA, actividad principal (grupos CNAE 2009) y estrato de asalariados.

Unidades: Número de empresas en Galicia

| | 2008 | 2009 | 2111 |
|-------------------|---------|---------|--------|
| Total grupos CNAE | | | |
| 2009 | 203.374 | 201.263 | -1,04% |

Fonte: Directorio central de empresas

**Número de empresas culturais en Galicia por actividade principal
(CNAE 2009) e estrato de asalariados. Serie temporal (2008-2009)**

| Galicia | 2008 | 2009 | Variación |
|--|-------------|-------------|------------------|
| 18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 786 | 775 | -1,40% |
| 58 Edición | 413 | 426 | 3,15% |
| 59 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical | 331 | 351 | 6,04% |
| 60 Actividades de programación e emisión de radio y televisión | 86 | 89 | 3,49% |
| 742 Actividades de fotografía | 573 | 582 | 1,57% |
| 743 Actividades de traducción e interpretación | 327 | 320 | -2,14% |
| 90 Actividades de creación, artísticas y espectáculos | 1149 | 1257 | 9,40% |
| 91 Actividades de bibliotecas, arquivos, museos y otras actividades culturais | 76 | 67 | -11,84% |
| Fonte: MCU | 3741 | 3867 | 3,37% |

CONSUMO CULTURAL

Índice de precios de consumo de productos de ocio e cultura en Galicia. Ano 2009

| | Índice | Variación anual | Variación sobre o mes anterior | Variación no que vai de ano |
|-----------------------|---------|-----------------|--------------------------------|-----------------------------|
| Xeral | | | | |
| Xaneiro | 104,859 | 0,5 | -1,6 | -1,6 |
| Febreiro | 104,82 | 0,3 | 0 | -1,7 |
| Marzo | 105,099 | -0,5 | 0,3 | -1,4 |
| Abril | 106,153 | -0,6 | 1 | -0,4 |
| Maio | 106,269 | -1,3 | 0,1 | -0,3 |
| Xuño | 106,772 | -1,4 | 0,5 | 0,2 |
| Xullo | 105,621 | -1,8 | -1,1 | -0,9 |
| Agosto | 106,096 | -1,1 | 0,4 | -0,5 |
| Setembro | 105,815 | -1,5 | -0,3 | -0,7 |
| Outubro | 106,951 | -0,8 | 1,1 | 0,3 |
| Novembro | 107,62 | 0,3 | 0,6 | 1 |
| Decembro | 107,572 | 0,9 | 0 | 0,9 |
| Ocio e cultura | | | | |
| Xaneiro | 98,136 | 0,1 | -0,7 | -0,7 |
| Febreiro | 98,49 | -0,4 | 0,4 | -0,4 |
| Marzo | 98,853 | -1,1 | 0,4 | 0 |
| Abril | 99,903 | 1,2 | 1,1 | 1 |
| Maio | 98,734 | -0,3 | -1,2 | -0,1 |
| Xuño | 99,147 | 0,3 | 0,4 | 0,3 |
| Xullo | 99,475 | 0 | 0,3 | 0,6 |
| Agosto | 99,914 | -0,8 | 0,4 | 1 |
| Setembro | 98,294 | -1,3 | -1,6 | -0,6 |
| Outubro | 97,752 | -1,2 | -0,6 | -1,1 |
| Novembro | 97,196 | -0,9 | -0,6 | -1,7 |
| Decembro | 98,263 | -0,6 | 1,1 | -0,6 |

Fonte: INE. Índice de precios de consumo IPC base 2006. Índice xeral e por grupos COICOP

Datos sobre a ocupabilidade laboral en Galicia. Serie temporal (2005-2009)

Animadores comunitarios

| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|---------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Contratados | 3.450 | 3.967 | 4.685 | 4.729 | 4.938 |
| % sobre o total | 0,89 | 0,95 | 1,13 | 1,25 | 1,51 |
| Demandas medias anuais | 855 | 742 | 645 | 628 | 755 |
| % sobre o total | 0,38 | 0,36 | 0,33 | 0,26 | 0,26 |
| Saldo neto anual | 2.595 | 3.225 | 4.040 | 4.101 | 4.183 |

Indicador estabilidade
laboral

Media

Indicador de
tendencia/clasificación da
tendencia

sobe

crecemento sostido

Indicador
ocupabilidade

Ocupabilidade laboral moi alta

Fonte: Instituto Galego das cualificacións. Consellería de Traballo e Benestar

Compositores, músicos e cantantes

| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|---------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Contratados | 1.095 | 1.369 | 1.341 | 1.330 | 1.434 |
| % sobre o total | 0,28 | 0,33 | 0,32 | 0,35 | 0,44 |
| Demandas medias anuais | 314 | 324 | 344 | 350 | 323 |
| % sobre o total | 0,14 | 0,16 | 0,17 | 0,15 | 0,11 |
| Saldo neto anual | 781 | 1.045 | 997 | 980 | 1.111 |

Indicador estabilidade
laboral

Baixa

Indicador de
tendencia/clasificación da
tendencia

sobe

Crecedemento irregular

Indicador
ocupabilidade

Ocupabilidade laboral alta

Fonte: Instituto Galego das cualificacións. Consellería de Traballo e Benestar

Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados

| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|------------------------|-------|-------|-------|-------|-------|
| Contratados | 1.787 | 1.916 | 1.698 | 2.118 | 1.409 |
| % sobre o total | 0,46 | 0,46 | 0,41 | 0,56 | 0,43 |
| Demandas medias anuais | 221 | 184 | 182 | 185 | 217 |
| % sobre o total | 0,10 | 0,09 | 0,09 | 0,08 | 0,08 |
| Saldo neto anual | 1.566 | 1.732 | 1.516 | 1.933 | 1.192 |

Indicador estabilidade laboral

Baixa

Indicador de tendencia/clasificación da tendencia

Baixa

Decrece

Indicador ocupabilidade

Ocupabilidade laboral media

Fonte: Instituto Galego das cualificacións. Consellería de Traballo e Benestar

Músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos en cabarés e similares

| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|------------------------|------|------|-------|------|------|
| Contratados | 635 | 600 | 1.000 | 862 | 920 |
| % sobre o total | 0,16 | 0,14 | 0,24 | 0,23 | 0,28 |
| Demandas medias anuais | 122 | 143 | 148 | 187 | 165 |
| % sobre o total | 0,05 | 0,07 | 0,07 | 0,08 | 0,06 |
| Saldo neto anual | 513 | 457 | 852 | 675 | 755 |

Indicador estabilidade laboral

baixa

Indicador de tendencia/clasificación da tendencia

sobe

crecemento irregular

Indicador ocupabilidade

Ocupabilidade laboral alta

Fonte: Instituto Galego das cualificacións. Consellería de Traballo e Benestar

Fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son

| | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 |
|---|------|------|-----------------------------|------------------------|------|
| Contratados | 828 | 830 | 898 | 890 | 688 |
| % sobre o total | 0,21 | 0,20 | 0,22 | 0,23 | 0,21 |
| Demandas medias anuais | 529 | 473 | 466 | 573 | 710 |
| % sobre o total | 0,24 | 0,23 | 0,24 | 0,24 | 0,25 |
| Saldo neto anual | 299 | 357 | 432 | 317 | -22 |
| Indicador estabilidade laboral | | | baixa | | |
| Indicador de tendencia/clasificación da tendencia | | | baixa | decrecemento irregular | |
| Indicador ocupabilidade | | | Ocupabilidade laboral media | | |

Fonte: Instituto Galego das cualificacións. Consellería de Traballo e Benestar

COMERCIO EXTERIOR E INTRACOMUNITARIO Exportacións, segundo sección e capítulos TARIC en Galicia (miles de euros). Serie temporal 2007-2009)

| EPÍGRAFES TARIC | 2007 | 2008 | 2009 |
|---------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| TOTAL | | | |
| EXPORTACIÓN | 16.670.018,6 | 15.614.025,1 | 13.759.676,9 |
| Total produtos culturais | 738.763,2 | 738.763,2 | 738.763,2 |
| 37 | 1.995,5 | 1.430,8 | 1.044,8 |
| 49 | 7.871,1 | 5.200,5 | 4.013,6 |
| 85 | 719.702,0 | 695.117,3 | 553.735,8 |
| 90 | 8.995,9 | 11.539,7 | 11.467,8 |
| 92 | 12,6 | 67,4 | 15,0 |
| 97 | 186,1 | 86,8 | 95,1 |

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros proporcionados pola Agencia Estatal de Administración Tributaria

Importacións, segundo sección e capítulos TARIC en Galicia (miles de euros). Serie temporal 2007-2009)

| EPÍGRAFES TARIC | 2007 | 2008 | 2009 |
|---------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| TOTAL IMPORTACIÓNS | 16.152.042,1 | 15.463.053,5 | 12.929.784,3 |
| Total produtos culturais | 16.154.247,8 | 15.465.215,7 | 12.931.903,4 |
| 37 | 2.373,8 | 1.759,9 | 1.049,1 |
| 49 | 5.243,9 | 4.770,3 | 4.720,3 |
| 85 | 543.971,0 | 605.684,5 | 888.316,0 |
| 90 | 52.032,1 | 61.482,0 | 85.979,9 |
| 92 | 505,7 | 849,4 | 424,0 |
| 97 | 3.487,7 | 4.200,6 | 1.445,1 |

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros proporcionados pola Agencia Estatal de Administración Tributaria

PRODUTOS CULTURALS

- 37** Produtos fotográficos ou cinematográficos.
- 49** Produtos editoriais, da prensa ou doutras industrias gráficas; textos manuscritos ou mecanografados e planos.
- 85** Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos.
- 90** Instrumentos e aparellos de óptica, fotografía ou cinematografía, de medida, control ou de precisión; instrumentos e aparellos médico-cirúrxicos; partes e accesorios destes instrumentos ou aparellos.
- 92** Instrumentos de música; partes e accesorios destes instrumentos
- 97** Obxectos de arte, de colección ou de antigüidade